

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL RELATIVA AO PAZO DE MEIRÁS

A Deputación da Coruña aprobou no pleno do 15 de setembro de 2017, hai agora exactamente tres anos, participar na Xunta Pro-Devolución do Pazo de Meirás por "responsabilidade institucional histórica", en resposta aquela outra "Junta Provincial Pro Pazo del Caudillo" que participou no espolio do Pazo para poñelo nas mans da familia Franco. O acordo plenario da Deputación incluía tamén o rexeitamento esta institución á xestión do programa de visitas por parte da Fundación Francisco Franco e mostraba o seu apoio para que fose o propio Concello de Sada quen se ocupase do programa.

Como ben é sabido, a Deputación da Coruña implicárase activamente na loita pola recuperación do Pazo de Meirás como ben público despois de que fora utilizado como centro de apoloxía do franquismo e de que a propia Fundación Francisco Franco agradeceuse a colaboración da institución no espolio. Por xustiza e hixiene democrática, a Deputación da Coruña impulsou a Xunta pro Devolución do Pazo e encargou dous informes, un de carácter histórico e outro xurídico, coordinados respectivamente polos profesores Emilio Grandío e Xavier Ferreira, que a todas luces resultaron fundamentais para avanzar nunha estratexia de recuperación do Pazo para o patrimonio público.

Tres anos despois, a situación mudou substancialmente, en especial coa sentenza do Xulgado de Primeira Instancia de A Coruña, que obriga á familia Franco a devolver o inmóbel e declara non válida a venda simulada coa que os herdeiros do ditador acreditaban a posesión da devandita propiedade a título particular.

Mais, coa sentenza xa publicada, asistimos con estupor a unha situación incomprensíbel. A pesar de que un xulgado retira á familia Franco a propiedade do Pazo, o espazo segue a ser utilizado como templo do franquismo, con visitas guiadas que continúan a defender os idearios do movemento, incumprindo con impunidade a Lei de Memoria Histórica.

Por todo isto, o Pleno da Deputación da Coruña
DECLARA

- 1.- Que instará á Xunta de Galicia a activar os mecanismos necesarios para impedir que a Fundación Francisco Franco continúe á fronte da xestión das visitas guiadas ao Pazo de Meirás, obrigadas pola súa calidade de BIC.
- 2.- Que ofrecerá a colaboración da Deputación para, xunto co Concello de Sada e a propia Xunta de Galicia, traballar conxuntamente para que o Pazo de Meirás inclúa o relato completo da súa propia historia, desde que era propiedade da escritora Emilia Pardo Bazán até a actual sentenza.
- 3.- Que recoñecerá públicamente o labor de todas as persoas e entidades que nos últimos anos denunciaron este espolio e participaron no proceso de recuperación do Pazo de Meirás.